

U-la chave do tesouro?

Manual de Uso galego

xullo 2022
[Beatriz Real & Ángel Cañas]

LICENCIAS POR ESTUDIOS 2021/22



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Este recurso educativo ten como obxectivo afianzar e mellorar o uso do galego oral

1- Manual de uso no ámbito escolar.

1.1- Indicacións para o profesorado de lingua galega.

Este ODE é un xogo por niveis que o alumno/a ten que superar independentemente. Desde a pantalla principal non se accede aos contidos a traballar, senón que van aparecendo a medida que vai conseguido abrir as diferentes “portas” coas que se vai atopando en cada nivel. Profesorado e alumnado teñen á súa disposición o índice de contidos a traballar na Guía Didáctica. O lóxico é ir superando por orde os niveis, un en cada curso:

Nivel 1: 1º ou 2º de ESO (nivel básico para alumnado estranxeiro, FPB ou ESA).

Nivel 2: 2º ou 3º de ESO (nivel básico para alumnado estranxeiro, FPB ou ESA).

U-la chave do tesouro?

Nivel 3: 3º ou 4º de ESO (nivel medio para alumnado estranxeiro, FPB ou ESA).

Nivel 4: Bacharelato.

O programa non impide empezar por outra orde, pero as preguntas que hai que resolver nos niveis 2 e 3 requiren a superación do 1.

Cada nivel traballa tres ou catro campos semánticos, con definicións apoiadas con imaxes, sinónimos e, na maior parte das veces, equivalencias noutras linguas.

No transcurso, o xogador/a terá que facer probas de autoavaliación e resolver determinados retos e desafíos imprescindibles para avanzar. Finalizar con éxito cada nivel vai asociado á obtención dun diploma de recoñecemento.

O docente debe animar o alumno a proceder de maneira autónoma, para que faga súa a responsabilidade da adquisición do coñecemento e a súa posterior autoavaliación.

1.2- Indicacións para o alumnado.

O alumno debe saber que este recurso didáctico está pensado para axudarlle a aprender léxico e a facelo de xeito ameno; é, polo tanto, unha ferramenta ao seu servizo, non un elemento sancionador nin cualificador dos seus coñecementos (tamén serve para iso, pero como mecanismo de control do proceso de aprendizaxe, que tanto pode empregar o alumno coma o profesor).

Tamén debe saber que os apartados están divididos nunha parte teórica e noutra práctica. É responsabilidade do alumno, non só do profesor/a, detectar as deficiencias que presente. É dicir, se o alumno observa que lle custa especialmente un determinado aspecto correspóndelle a el efectuar a práctica necesaria para corrixir ese desvío ou solicitar axuda. A actividade ofrece varias oportunidades, pero non exime do traballo nin da autoavaliación individual.

1.3- Funcionamento dos exercicios autoavaliativos:

Débense cumprimentar como se indique (sinalar verdadeiro/ falso, encher ocos, escoller opción, etc). Unha vez realizados e dependendo do tipo de exercicio, débese clicar na pestana “Enviar” ou “Mostrar reacción”; isto fará que o exercicio se corrixa e o alumno poida ver os seus erros (que aparecerán en vermello). Este é o momento de reflexionar sobre eles. Se aínda así o alumno non acerta a saber o erro cometido, ou non está seguro, pode comprobar a solución clicando en “Amosar a resposta”. Se quere repetir o exercicio clicará en “reiniciar”. Canta máis práctica e reflexión faga,

U-la chave do tesouro?

presumiblemente, mellores serán os resultados.

2- Manual de uso particular.

As indicacións para o alumnado son de aplicación tamén para o usuario particular de lingua galega que desexe mellorar o nivel de lingua na produción oral e escrita dos seus textos.